



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a la jubilación anticipada del personal del Servicio de Guardacostas de Galicia.**

El servicio de Guardacostas de Galicia acumula una serie de problemas que precisan soluciones inmediatas tanto por parte de la Xunta de Galicia como del Gobierno del Estado. Así, en la actualidad, el servicio está funcionando con un personal muy reducido, pues el 30% de los puestos están sin cubrir, lo que repercute directamente en la calidad del servicio, dado que hay franjas horarias en las que las bases están inoperativas.

Ante la falta de personal suficiente para atender el servicio adecuadamente, competencia de la Xunta de Galicia, se suman los problemas derivados del retraso en el reconocimiento de los coeficientes reductores para el personal del Servicio de Guardacostas gallego. Una reclamación, la de que el Gobierno del Estado active el expediente para el reconocimiento de coeficientes reductores para el personal del Servicio de Guardacostas de Galicia como trabajadores del mar, que acumula años de retraso y sin que se produzca ningún avance.

El personal del Servicio de Guardacostas de Galicia desarrolla su actividad en el mar, en condiciones de especial dureza que afectan directamente a su salud; sin embargo, no tiene reconocidos los coeficientes reductores para la jubilación anticipada que sí se aplican a otros trabajadores y trabajadoras del mismo ámbito. Una situación que fue trasladada al Gobierno en distintas ocasiones tanto por parte de la representación de los trabajadores y las trabajadoras como por el BNG a través de varias iniciativas parlamentarias, incluso enmiendas dentro de la tramitación de la Ley de Pesca Sostenible en la pasada legislatura.

Al personal de Guardacostas se le exigen las mismas condiciones que al personal incluido en el Régimen Especial del Mar, como la formación específica para navegar, los reconocimientos médicos y los requisitos para poder embarcar. Desempeñan funciones de inspección, salvamento y control en condiciones de riesgo y, en muchos casos, comparten medios y embarcaciones con otro personal que sí está integrado en ese régimen, padeciendo en igual medida un desgaste físico continuado, la exposición a condiciones adversas y una elevada exigencia a lo largo del tiempo.



Sin embargo, por el hecho de ser funcionarios y funcionarias, quedan excluidos de los derechos asociados a ese ámbito laboral. Entre ellos, el acceso a la jubilación anticipada con la aplicación de coeficientes reductores.

Tras no prosperar las distintas iniciativas legislativas para el reconocimiento de los coeficientes reductores del mar a las personas guardacostas funcionarias, la Confederación Intersindical Galega, central sindical mayoritaria en Galicia y con la condición de organización más representativa según la LOLS, inició el procedimiento para el reconocimiento previsto en el Real Decreto 1698/2011, de 18 de noviembre, por el que se regula el régimen jurídico y el procedimiento general para establecer coeficientes reductores y anticipar la edad de jubilación en el sistema de la Seguridad Social, en abril de 2024, cumpliendo los requisitos establecidos.

Pero, desde entonces, no se ha producido ningún avance pues no se ha realizado ninguna comunicación oficial sobre el estado del expediente, no se han solicitado datos a la administración empleadora y no se conoce ninguna actuación efectiva orientada a resolver la situación.

Desde la representación de los trabajadores se apunta a responsabilidades compartidas de las dos administraciones con competencias en esta materia. Por parte del Gobierno del Estado por mantener el procedimiento administrativo paralizado en la Dirección General de Ordenación de la Seguridad Social durante más de dos años, pero también de la Xunta de Galicia, por su total inactividad a pesar de haberse mostrado favorable a su tramitación en el marco de la comisión de seguimiento.

Por tanto, no se trata de falta de marco legal, ni de ausencia de procedimiento, ni tampoco de falta de reclamación formal, simplemente, debe darse curso a la solicitud registrada y finalizar un proceso iniciado. El Gobierno debe atender las condiciones de penosidad en el trabajo sobradamente acreditadas y aprobar el reconocimiento de los coeficientes reductores de la edad de jubilación igual que en el resto de los trabajadores y trabajadoras del mar que realizan funciones semejantes.

El Gobierno debe, por tanto, atender esta reclamación, largamente demandada, y desbloquear el expediente para reconocer la jubilación anticipada del personal de Guardacostas sin más demoras, para poner fin a una clara discriminación que padece el personal que desempeña su labor en las mismas condiciones de penosidad que otros colectivos, que ya tienen reconocidos los coeficientes reductores.



Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuáles son las causas de la paralización durante más de dos años por parte del Gobierno del expediente iniciado para el reconocimiento de coeficientes reductores de la edad de jubilación para el personal del Servicio de Guardacostas de Galicia? ¿En qué estado se encuentra en el momento actual?
2. ¿Desbloqueará la tramitación del expediente y llevará a cabo los trámites pendientes a la mayor brevedad a fin de que el personal del Servicio de Guardacostas de Galicia que desarrolla su actividad en el mar y bajo las mismas condiciones de penosidad que otros colectivos que ya tienen los coeficientes reconocidos pueda tener acceso a los coeficientes reductores de la edad de jubilación?
3. ¿Cuáles son las razones de la larga demora en la citada tramitación?
4. ¿Comparte que implica una clara desigualdad de trato cuando el no reconocimiento de coeficientes reductores para las personas del Servicio de Guardacostas de Galicia cuando se les exigen las mismas condiciones que al resto de personas incluidas en el Régimen Especial del Mar, como la formación específica, reconocimientos médicos y demás requisitos exigidos para poder embarcar?
5. ¿Tendrá en consideración el Gobierno a quienes desempeñan funciones de inspección, salvamento y control en condiciones de riesgo, y que en muchos casos comparten medios y embarcaciones con personal que sí está integrado en ese régimen?
6. ¿Agilizará la tramitación del expediente para lograr que se resuelva lo antes posible y fijar los coeficientes reductores para el personal del servicio de Guardacostas a la mayor brevedad?

En Madrid, a 9 de junio de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

09 JUN. 2026 12:50:02

Entrada **118329**

Sobre a xubilación anticipada do persoal do Servizo de Gardacostas da Galiza

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado




Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á xubilación anticipada do persoal do Servizo de Gardacostas da Galiza.**

O servizo de Gardacostas de Galiza acumula unha serie de problemas que precisan de solucións inmediatas tanto por parte da Xunta da Galiza como do Goberno do Estado. Así, na actualidade, o servizo está a funcionar cun persoal moi reducido, pois 30% dos postos están sen cubrir, o que repercute directamente na calidade do servizo dado que hai faixas horarias na que as bases están inoperativas.

Á falta do persoal suficiente para atender o servizo adecuadamente, competencia da Xunta da Galiza, súmanse os problemas derivados do retraso do recoñecemento dos coeficientes redutores para o persoal do Servizo de Gardacostas galego. Unha reclamación, a de que o Goberno do Estado active o expediente para o recoñecemento de coeficientes redutores para o persoal do Servizo de Gardacostas da Galiza como traballadores do mar, que acumula anos de retraso e sen que se produza ningún avance.

O persoal do Servizo de Gardacostas da Galiza desenvolve a súa actividade no mar, en condicións de especial dureza e que afectan directamente a súa saúde, porén, non ten recoñecidos os coeficientes redutores para a xubilación anticipada que si se aplican a outros traballadores e traballadoras do mesmo ámbito. Unha situación que foi trasladada ao Goberno en distintas ocasións tanto por parte da representación dos traballadoras como polo BNG a través de





varias iniciativas parlamentares, mesmo emendas dentro da tramitación da Lei de Pesca Sustentábel na pasada lexislatura.

Ao persoal de Gardacostas exíxenselle as mesmas condicións que ao persoal incluído no Réxime Especial do Mar, como a formación específica para navegar, recoñecementos médicos e requisitos para poder embarcar. Desenvolven funcións de inspección, salvamento e control en condicións de risco e, en moitos casos, comparten medios e embarcacións con outro persoal que si está integrado nese réxime, padecendo en igual medida un desgaste físico continuado, a exposición a condicións adversas e unha elevada esixencia ao longo do tempo.

Porén, polo feito de seren funcionarios e funcionarias quedan excluídos dos dereitos asociados a ese ámbito laboral. Entre eles, o acceso á xubilación anticipada coa aplicación coeficientes redutores.

Despois de non saír adiante as distintas iniciativas lexislativas para o recoñecemento dos coeficientes redutores do mar as persoas gardacostas funcionarias, a Confederación Intersindical Galega, central sindical maioritaria na Galiza e coa condición de organización máis representativa segundo a LOLS, iniciou o procedemento para o recoñecemento previsto no Real Decreto 1698/2011, de 18 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico e o procedemento xeral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguranza Social, en abril de 2024, cumprindo cos requisitos establecidos.

Mais, desde aquela altura, non se produciu ningún avance pois non foi realizada ningunha comunicación oficial sobre o estado do expediente, non se solicitaron datos á administración empregadora e non se coñece ningunha actuación efectiva orientada a resolver a situación.

Desde a representación dos traballadores apúntase a responsabilidades compartidas das dúas administracións con competencias nesta materia. Por parte do Goberno do Estado por manter o procedemento administrativo paralizado na Dirección Xeral de Ordenación da Seguranza Social por máis de



dous anos, mais tamén da Xunta da Galiza, pola súa total inactividade a pesar de terse manifestado favorábel á súa tramitación no marco da comisión de seguimento.

Por tanto, non se trata de falta de marco legal, nin de ausencia de procedemento, nin tampouco de falta de reclamación formal, simplemente, debe darse curso á solicitude rexistrada e finalizar un proceso iniciado. O Goberno debe atender ás condicións de penosidade no traballo sobradamente acreditadas e aprobar o recoñecemento dos coeficientes redutores da idade de xubilación igual que no resto de traballadores e traballadoras do mar que realizan funcións semellantes.

O Goberno debe pois atender esta reclamación, longamente demandada, e desbloquear expediente para recoñecer a xubilación anticipada do persoal de Gardacostas sen máis demoras, para pór fin a unha clara discriminación que padece o persoal que exerce o seu labor nas mesmas condición de penosidade que outros colectivos, que xa teñen recoñecidos os coeficientes redutores.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cales son as causas da paralización durante máis de dous anos por parte do Goberno do expediente iniciado para o recoñecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación para o persoal do Servizo de Gardacostas da Galiza? En que estado se encontra no momento actual?
2. Desbloqueará a tramitación do expediente e realizará os trámites pendentes á maior brevidade a fin de que o persoal do Servizo de Gardacostas da Galiza e que desenvolve a súa actividade no mar e baixo as mesmas condicións de penosidades que outros colectivos que xa teñen os coeficientes recoñecidos, poidan ter acceso aos coeficientes redutores da idade de xubilación?
3. Cales son as razóns da longa demora na citada tramitación?



4. Comparte que implica unha clara desigualdade de trato o non recoñecemento de coeficientes redutores para as persoas do Servizo de Gardacostas da Galiza cando se lles exigen as mesmas condicións que ao resto de persoas incluídas no Réxime Especial do Mar, como a formación específica, recoñecementos médicos e demais requisitos exigidos para poder embarcar?
5. Terá en consideración o Goberno que desenvolven funcións de inspección, salvamento e control en condicións de risco, e en moitos casos comparten medios e embarcacións con persoal que si está integrado nese réxime?
6. Axilizará a tramitación do expediente para lograr que se resolva o antes posíbel e fixar os coeficientes redutores para o persoal do servizo de Gardacostas á maior brevidade?

Madrid, a 9 de xuño de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso